



PLAN DIGITAL

[CEIPP Baño-Xanza]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome: Centro de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe Baño-Xanza

Dirección: Lugar Baño s/n, Valga (Pontevedra)

Código do centro: 36009913

Teléfono: 886159054

E-mail: ceip.xanza@edu.xunta.es

Etapas: Educación Infantil e Primaria

Nº de alumnos: 265

N.º de mestres: 26

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro atópase no lugar de Baño, do concello de Valga, situado no rural, moi preto do centro urbano de Pontecesures e da cidade de Padrón. Este concello caracterízase pola dispersión da súa poboación. Non existindo un centro urbano propiamente dito. A situación económica das familias é moi variada aínda que polo xeral, é media-baixa. Os sectores de produción dominantes son o primario e o secundario (industrias relacionadas coa construción).

Na súa inmensa maioría o alumnado é galegofalante, tanto no seu ámbito familiar e na súa vida cotiá coma no ámbito escolar.

No tocante á ambientación lingüística do centro hai que facer constar que: a lingua galega emprégase na documentación administrativa do centro e en todas as situacións de carácter interno; a dotación de fondos de libros en galego é similar á de fondos en castelán en canto a libros de lectura, pero menor en películas e xogos didácticos; o material en lingua inglesa está en inglés; a páxina web do centro está en galego así como as actividades do plan das TICs; o alumnado procedente da emigración e mínimo.

Este documento de Plan Dixital toma como referentes os Proxecto Educativo de Centro e o Plan TIC (de Tecnoloxías da Información e a Comunicación) para, como se cita no documento do PEC, contribuir co equipo de TICs na súa responsabilidade *"de incorporar as TIC ao proceso de ensinanza-aprendizaxe coa participación activa de todo o equipo docente, que articule todas as intervencións que se van realizar no Centro aproveitando as posibilidades que as TIC ofertan"*.

Neste senso, toma especial relevancia a relación entre o Plan dixital e a Programación Xeral Anual do curso 2022/2023. As distintas accións de mellora que se propoñen para a incorporación das TIC no ensino deberán estar integradas dentro desta Programación para garantir que se leven a cabo dun xeito coordinado e eficaz.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Na elaboración deste documento tiveron especial relevancia os seguintes referentes legislativos de ámbito nacional e autonómico:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Para a realización deste Plan Dixital de centro, estableceuse entre o profesorado voluntario un grupo de traballo mediante un PFPP. A través de diferentes sesións ao longo do curso fóra do horario de permanencia no centro, fóronse completando os diferentes pasos de xeito coordinado seguindo a titorización do noso mentor do Plan Dixital: Antonio Luís Domínguez Lama.

Os integrantes deste grupo de traballo foron os seguintes:

- Barca Fernández, Miguel Ángel
- Bello Sónora, Diana
- Caamaño Martínez, Manuela
- Díeguez Souto, David
- Fernández Romero, Azaia
- Iglesias Riveiro, Noela
- Manteiga Sixto, José Ignacio
- Méndez Castro, Francisco
- Romero Alonso, Noelia Concepción
- Vizcaya Vázquez, María Jesús
- Zumalave Rivas, Eva María

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Dentro da infraestrutura dixital, pódese mencionar que a meirande parte do centro ten unha conectividade a Internet a través de cable, salvo certos puntos sen este tipo de acceso para os cales existe conectividade a través de WiFi. A calidade da conexión pódese calificar de irregular, presentando unha velocidade máxima relativamente baixa e flutuacións continuas da mesma.

O equipamento informático dispoñible no centro clasifícase segundo as seguintes categorías. Cabe destacar que gran parte deste equipamento foi adquirido con fondos do seguro de accidentes do centro:

- Aulas dixitalizadas: todas as aulas de Educación Infantil e Primaria do centro contan con cadanseu ordenador, proxector e pizarra electrónica. A mesma dotación se atopa nas aulas de inglés, música, Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e no ximnasio. Cóntase ademais cun recuncho TIC para os alumnos e alumnas de Educación Infantil con 6 equipos informáticos, agora mesmo en desuso porque este equipos son moi antigos.
- Proxecto E-Dixgal: as aulas de 5º e 6º de Educación Primaria contan coa dotación EDIXGAL.
- Equipos de xestión e administración: 3 equipos informáticos de sobremesa no despacho do Equipo Directivo e un portátil e impresora no despacho de orientación.
- Uso na biblioteca: 4 equipos de sobremesa para Recuncho TIC da biblioteca, ademais doutros dous equipos para a xestión da mesma.
- Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos: 4 equipos informáticos.
- Aula de informática: conta con 24 postos con monitor, teclado e rato conectados por NCOMPUTING ao ordenador de sobremesa do mestre. Atópase ademais outro equipo de sobremesa adicional na mesa do mestre.
- Dotacións para proxectos específicos: o centro recibiu unha dotación Abalar adicional de 9 ordenadores portátiles.

Entre os servizos dixitais educativos empregados polo centro atópanse servizos corporativos como a páxina web do centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipxanza/>), o aula virtual, a plataforma E-Dixgal, o espazoAbalar, e a plataforma Abalarmóbil). Entre os non corporativos que facilitan a xestión docente noméase G suite for education.

A xestión do mantemento do equipamento do centro é realizada polo propio coordinador do equipo TIC na a meirande parte das avarías.

Na aula de Informática do centro cóntase cun protocolo de normas a cumprir polo alumnado. Estas son explicadas ao comezo do curso, recordadas de cando en cando, e mostráanse na cartelería colgada na parede da mesma aula de Informática.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE - Resumo das áreas

		Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	3.5
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.6
	Profesorado	2.9
	Alumnado	3.4
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.4
	Alumnado	4.4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.1
	Profesorado	3.6
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.2
	Profesorado	3.8
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.9
	Profesorado	3.6
	Alumnado	3.8
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.1
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.6
	Alumnado	3.8

Táboa 1.3. do Test CDD - Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	11	20	55%
PROVISIONAL	2	3	66,7%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	2	2	100%
DESPRAZADO	0	2	0%

Táboa 2.1. do Test CDD - Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
--------------------------------------	----------------------	---	---------------------------------

<u>77,7</u>	<u>Integrador (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
-------------	------------------------	-------------	--------------------------

Táboa 2.2. do Test CDD - Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
E.I.	<u>68,5</u>	<u>Integrador (B1)</u>	<u>68,2</u>	<u>Integrador (B1)</u>
E.P.	<u>81,9</u>	<u>Integrador (B1)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador (B1)</u>

Táboa 2.3. do Test CDD - Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A2	<u>6</u>	<u>37,5%</u>
B1	<u>5</u>	<u>31,3%</u>
B2	<u>5</u>	<u>31,2%</u>
TOTAL	<u>16</u>	<u>100%</u>

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Política de protección de datos.	Equipamento dixital obsoleto e defectuoso nalgúns casos.
	PERSOAL DOCENTE	Iniciativas para afrontar necesidades de formación profesional continua do profesorado.	
		Incorporación por parte do profesorado de tecnoloxía dixitais para a avaliación.	
	ALUMNADO	Dinámicas para reflexionar sobre o uso da tecnoloxía.	Utilización no centro de equipos dixitais propiedade do alumnado.
Dinámicas para reflexionar sobre o uso de recursos dixitais (tratamento da imaxe, protección de dereitos, licenzas, software libre, plaxio, etc).		Baixa competencia para o uso das tecnoloxías. Baixa competencia por parte do alumnado para a resolución de problemas técnicos.	
OFERTA	Proxecto Edixgal.	Formación sobre novas modalidades de aprendizaxe do	

			uso da tecnoloxía dixital.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Creación de espazos para compartir recursos educativos dixitais.	<p>Dificultades na comunicación ao profesorado da estratexia dixital.</p> <p>Pouca participación do profesorado en redes colaborativas profesionais.</p> <p>Baixa resolución de incidencias técnicas.</p> <p>Baixa asistencia técnica</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		<p>Achegas económicas que recibe o centro.</p> <p>Dotación de equipamento tecnolóxico.</p> <p>Escasa formación sobre novas modalidades de aprendizaxe do uso da tecnoloxía dixital.</p>
	LEXISLACIÓN	<p>Tratamento das licenzas e dereitos de autoría.</p> <p>A lexislación favorece o traballo dixital.</p>	Cambios recurrentes na lexislación educativa.
	CONTORNA		<p>Nivel socioeconómico baixo</p> <p>Baixa colaboración do concello</p>
	ANPA	Boa relación coa ANPA.	
	OUTRAS ENTIDADES	Participación das empresas na estratexia dixital do centro.	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Prestando especial atención ás debilidades identificadas así como ao resto de elementos da análise DAFO, establécense os seguintes obxectivos enmarcados nas áreas de mellora do marco DigComOrg. Na elaboración destes obxectivos intentouse que foran o máis específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal posible.

Así mesmo, engadíronse uns indicadores de obxectivo con cadanseu indicador de partida e de chegada para facilitar a posterior avaliación do seu cumprimento.

Por último, para dar resposta a estes obxectivos fixéronse unhas accións de mellora cuns responsables de levalas a cabo, unha data prevista de fin e os recursos necesarios para o seu cumprimento. No seguimento da acción, determinarase a final de curso se dita acción de mellora foi realizada, aprazada ou ben pendente de ser desenvolta.

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Infraestructuras e equipamento						
1. OBXECTIVO (1):	Actualizar e renovar os dispositivos dixitais do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora de TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de equipos informáticos arranxados ou repostos.					
Valor de partida (3)	10% de equipos informáticos arranxados ou repostos.					
Valor previsto e data (4)	75% de equipos informáticos arranxados ou repostos.			15/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Determinar as necesidades dos equipos.	Coordinador TIC	1/11/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar a actualización e	Coordinador TIC	30 de decembro de 2022	Conexión á rede		Realizada	
					Aprazada	

renovación dos	Membros do equipo TIC				Pendente	
----------------	--------------------------	--	--	--	----------	--

Táboa 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Liderado						
2. OBXECTIVO (1):	Mellorar a comunicación da estratexia dixital do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo e Equipo Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	O profesorado coñece e participa da estratexia dixital do centro.					
Valor de partida (3)	O 25% do profesorado coñece e participa a estratexia dixital do centro.					
Valor previsto e data (4)	O 75% do profesorado coñece e participa a estratexia dixital do centro.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Crear un equipo de traballo e establecer un itinerario dixital	Equipo Directivo Equipo Plan Dixital	30 de setembro de 2022	Equipos informáticos Sala de reunións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Creación de tarefas dixitais por	Equipo de traballo	30 de xuño de 2023	Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	

cursos.			Sala de reunións		Pendente	
A02.3: Compartir e avaliar as diferentes tarefas desenvoltas.	Equipo de traballo	30 de xuño de 2023	Equipos informáticos		Realizada	
			Sala de reunións		Aprazada	
					Pendente	

Táboa 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Pedagogía: apoios e recursos						
3. OBXECTIVO (1):	Iniciar ao profesorado na creación de recusus dixitais e compartilos na aula virtual do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo e equipo Plan Dixital.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	O equipo directivo e o profesorado comparten documentos en plataformas corporativas: aula virtual, web, redeiras.					
Valor de partida (3)	O 10% do profesorado comparte documentos en plataformas corporativas.					
Valor previsto e data (4)	O 50% do profesorado comparte documentos en plataformas corporativas.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Crear un curso na Aula Virtual no que compartir documentación.	Equipo Plan Dixital	1º trimestre	Aula virtual		Realizada	
	Profesorado		Equipos informáticos		Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Microformación no centro para practicar o	Equipo Plan Dixital	1º trimestre	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	

intercambio de	Profesorado		Equipos informáticos da aula de informática	Pendente
A03.3: Avaliación e publicación das actividades desenvoltas.	Equipo Plan Dixital	30/06/2023	Aula virtual	Realizada
	Profesorado		Equipos informáticos da aula de informática	Aprazada
				Pendente

Táboa 4: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": Competencia dixital do alumnado					
4. OBXECTIVO (1):	Desenvolver no alumnado as destrezas básicas que lles permitan o manexo do ordenador e resolución de problemas técnicos.				Acadado
RESPONSABLE:	Equipo TIC e claustro de mestres				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de alumnado capaz de resolver problemas técnicos básicos.				
Valor de partida (3)	O 25% do alumnado resolve problemas técnicos básicos.				
Valor previsto e data (4)	O 80% do alumnado resolve problemas técnicos básicos.			30/04/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
A01.1: Microformación	Mestre de	1º trimestre	Equipos informáticos		Realizada

sobre os elementos básicos do ordenador e o seu uso.	informática				Aprazada	
	Profesorado				Pendente	
AO1.2: Microformación acerca dos incidencias técnicas máis frecuentes e a súa resolución.	Mestre de informática	2º trimestre	Equipos informáticos		Realizada	
	Profesorado				Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A través da análise dos medios e infraestruturas dixitais coas que conta o centro para promover a competencia dixital do alumnado, detectáronse as seguintes necesidades:

NECESIDADE	FINALIDADE
Mellora da conexión a Internet do centro, aumentando e estabilizando a velocidade da mesma.	Resolver este problema de acceso a Internet, mellorará non só a competencia dixital do alumnado senón multitude de procedementos administrativos que se desenvolven durante o ano no centro.
Provisión de monitores dixitais para cada aula de Educación Infantil e Primaria do centro, precisando un total de 15 monitores.	As pizarras dixitais e proxectores coas que conta o centro actualmente presentan avarías continuas, polo que a súa substitución por monitores reduciría notablemente as incidencias técnicas no centro.
Provisión de impresoras, precisando un total de 4.	A meirande parte das impresoras do centro atópanse actualmente avariadas.
Provisión de ordenadores portátiles coa tecnoloxía máis actual posible, precisando un total de 12 portátiles.	Os equipos cos que se conta no centro están obsoletos, o cal dificulta o proceso de ensino-aprendizaxe e o seu aproveitamento por parte dos profesionais do centro.
Provisión de mesas táctiles (estilo mesa multiCLASS Kids Table), precisando un total de 2 mesas.	Este recurso permite achegar ós alumnos/as de Educación Infantil a outras formas de desenvolver a competencia dixital.
Provisión de tablets , precisando un total de 3 tablets.	A provisión actual de tablets do centro resulta insuficiente para as necesidades do profesorado e alumnado.

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será o seguinte:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da

execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Co obxectivo de dar a coñecer o Plan Dixital ao resto da comunidade educativa, empregáranse diferentes publicacións da web do centro, na aula virtual e a través de Abalarmóbil. Estas fán referencia ás distintas accións de mellora que se irán desenvolvendo ao longo do curso para implementar o Plan.